- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas valorando o ritmo e a entoación.
- Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

| UD | Título da UD      | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 9  | Soñamos co futuro | 13       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | Escribe un texto sinxelo e coherente, expresando cada idea nunha oración | PE | 3 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.   | Comprende o que escoita.  |    |    |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.  | A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.                           |    |    |
| CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.  | Comprende o que escoita.  |    |    |
| CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.   | Emprega o castelán na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes. |    |    |
| CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.  | Participa en interaccións orais. Respecta as normas de cortesía.                              |    |    |
| CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.  | Emprega o castelán na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes. |    |    |
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.   | recoñece e rexeita as discriminacións feitas nun debate sobre un tema.                        | TI | 97 |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.   | expresa opinión propia e respecta a dos seus compañeiros/as.                                  |    |    |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.   | Expresa con respecto os datos recollidos  |    |    |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.  | Recoñece slogan de publicidade e carteis  |    |    |
| CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.   | Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.                            |    |    |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | Escribe unha breve biografía  |    |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.  | Dadas catro ilustracións dun conto, escribe brevemente o que acontece en cada unha delas |    |   |
| CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.                               | Participa nas actividades realizadas na biblioteca.                                      |    |   |
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.   | Expresa feitos persoais acontecidos.   |    |   |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.   | Razoa e emprega unha linguaxe non discriminatoria.                                       |    |   |
| CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.               | Expresa con respecto os datos recollidos   |    |   |
| CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.   | Dadas dúas fontes, compara ,extrae información e evita duplicidades.                     |    |   |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais. | Exposición da información recollida sobre  |    |   |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.  | Busca contos na biblioteca   |    |   |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.   | Identifica e discrimina informacións falsas.   |    |   |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustados aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora.  | Velocidade lectora axeitada ao seu nivel.  |    |   |
| CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.  | Mostra interese polos textos literarios  |    |   |
| CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.   | Completa un poema dado con coherencia e cohesión   |    |   |



| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.  | Le e identifica un poema entre outros fragmentos textuais  |    |   |
| CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.   | Completa un poema coñecido   |    |   |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.  | Compara instrucións dun xogo en castelán e galego  |    |   |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañade de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | Emprega o adxectivo en concordancia co substantivo ao que acompaña   |    |   |
| CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.   | Recoñece aumentativos e diminutivos  |    |   |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.  | Distingue xénero e número de substantivos.<br>Aplica as normas de uso de r/rr.<br>Utiliza a coma nas enumeracións. |    |   |
| CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.   | Identifica palabras da mesma familia   |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> </ul> |

## Contidos

- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía

**Contidos**

- correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso da biblioteca respectando as súas normas de organización e funcionamento e valorando a participación nas actividades organizadas. Continuidade na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Modelos explícitos para reelaborar a información.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).

## Contidos

- Análise guiada dos recursos expresivos elementais e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Recoñecemento, de xeito acompañado, de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para comezar, é importante explicar que sempre se partirá do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, de tal maneira que se teña presente o seu nivel de desenvolvemento cognitivo, motriz e afectivo-social. O mesmo ocorre co nivel de coñecementos, é preciso saber o que o alumnado xa sabe e o que pode chegar a saber para avanzar así na súa zona de desenvolvemento próximo, tal e como defende Vigotsky. Polo tanto, asegurárase a construción de aprendizaxes significativas que perduran no tempo e permiten avanzar cara a novas aprendizaxes, ademais, permiten que o alumnado sexa capaz de crear vínculos entre os novos contidos e os que xa posúe.

Tamén resulta esencial potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe, é dicir, que sexa capaz de aprender a aprender e para isto, o profesorado facilitará as estratexias necesarias. As relacións interpersoais son fonte de enriquecemento e coñecemento, de aí que resulte necesario favorecer a socialización, así como partir da diversidade da aula para ofrecer unha atención individualizada segundo as características de cada alumno e alumna. A metodoloxía será, por tanto, activa e participativa xa que o alumnado aprende sendo o protagonista da súa aprendizaxe en base ás orientacións que o profesor lle poda aportar.

Por outro lado, debe sinalarse que as actividades que se realizarán ao longo de cada Unidade Didáctica se dividirán en varios tipos.

En primeiro lugar, existirán actividades iniciais de exploración de coñecementos e ideas previas. Como xa se mencionou, é preciso coñecer o nivel de coñecementos do alumnado para planificar a actividade e é por iso que estas actividades resultan esenciais. Se tratará de actividades que permitan profundizar neses coñecementos previos.

Máis tarde tamén se realizarán actividades de desenvolvemento específicas, para o desenvolvemento dos contidos recollidos en cada Unidade Didáctica.

Debido a que cada alumno e alumna posúe unhas características propias e ritmos diferentes de aprendizaxe, será necesario organizar actividades de reforzo e ampliación, atendendo así á diversidade presente na aula. Todo isto rexido polos principios de normalización e inclusión.

Aplicaranse actividades de consolidación cuxa finalidade é transformar en coñecemento os contidos adquiridos. Por

último, levaranse á práctica actividades de avaliación como as probas escritas ou orais, a exposición de temas...

Algúns exemplos de todo este tipo de actividades son:

- Realización de proxectos significativos e de actualidade que partan do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Actividades de repaso dos contidos traballados empregando robots educativos e tarxetas identificativas con imaxes e texto que o alumnado terá que relacionar.
- Coñecemento do método científico con actividades que partan da observación e experimentación, a través de diversas investigacións e traballos.
- Pequenas investigacións, resolución de problemas concretos nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.
- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo.

Por último, cabe sinalar neste apartado que se poderán mandar tarefas extraescolares (deberes) no caso de que se detecten dificultades individuais ou grupais, coa finalidade de reforzar os coñecementos. Estas tarefas serán adecuadas ao nivel tanto en cantidade como en dificultade, permitindo tamén o axeitado encaixe na súa vida persoal e familiar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Material manipulativo   |
| Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás ... |
| Recursos tecnolóxicos e dixitais  |
| Libro de texto (Anaya)  |
| Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)                                     |
| Powerpoint / Canva / Genially   |
| Libreta ou caderno  |
| Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos H5P...)                                       |

Láminas de apoio visual

Robots educativos

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

Así, os materiais e recursos didácticos que se empregarán para levar a cabo a presente programación, se dividirán en varios tipos: recursos espaciais, recursos materiais, e recursos humanos.

Recursos espaciais: en primeiro lugar contaremos coa aula, que se dividirá en recunchos. Cada un deses recunchos terá unha función específica que o alumnado coñecerá dende o comezo do curso para poder manexarse con autonomía pola aula. A lectura constitúe un factor fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe, polo que haberá unha pequena biblioteca de aula con libros de investigación, de lectura persoal, novelas, revistas e periódicos, cómics... atendendo aos gustos así como as posibles investigacións e proxectos que se estean a desenvolver ao longo do curso. Contarase cun espazo dedicado ás exposicións que se realicen ao longo do curso escolar sobre os temas traballados na aula. Tamén haberá un recuncho composto por diferentes actividades e recursos complementarios de reforzo e ampliación que o alumnado poderá empregar cando remate as actividades planificadas ou nos momentos que a titora así o considere. Por último, contaremos cun espazo constituído por xogos educativos que o alumnado poderá utilizar cando a mestra así o indique nos tempos preparados para ese tipo de actividades. Ademais, tamén contaremos con outros espazos como a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro así como os diversos espazos da contorna.

Recursos materiais: libros de texto, outros materiais como dicionarios, contos, periódicos, axendas... Tamén se contará con materiais procedentes da natureza para traballar certos contidos así como recursos de elaboración propia para facilitar a aprendizaxe dalgúns contidos, como poden ser os carteis ou as maquetas. Ademais, cada alumno e alumna contará cun caderno destinado a materias Lingua Castelá no que realizarán as actividades habituais.

Recursos humanos: o resto do profesorado, co que haberá unha estreita colaboración para poder ofrecer os apoios ou cambios necesarios en cada momento. Tamén se contará con certos profesores e profesoras con dispoñibilidade horaria que realizarán a tarefa de apoio aos alumnos e alumnas que o precisen, así como a orientadora, mestra de PT e AL, que ofrecerán unha atención especial e individualizada a aqueles nenos e nenas que o precisen. Tamén é importante destacar neste apartado ás familias do alumnado, coas que se manterá unha fluída comunicación a través das axendas e das titorías individuais. Por último, cabe mencionar ás diferentes entidades externas ao centro que facilitan a realización de certas actividades que complementan o traballo da aula e favorecen a aprendizaxe.

Recursos tecnolóxicos e dixitais: contaremos con ordenadores, robots educativos, proxectores, tablets...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Lingua Castelá.

Para obter dita información, empregaranse distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, observación...

Tamén se poderán revisar os informes do curso anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

A través desta recollida de información observarase a súa capacidade de traballo individual, o grao de autonomía e dependencia do adulto, o nivel de atención e concentración, a capacidade de esforzo, os niveis de aceptación en grupos de traballo e a necesidades de reforzos educativos.

Asimesmo, tendo en conta todo o anterior, poderase adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>12</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 12        | 20        | 9         | 10        | 13        | 7         | 6         | 6         | 3         | <b>10</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 88        | 80        | 91        | 90        | 87        | 93        | 94        | 94        | 97        | <b>90</b>  |

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades Didácticas que compoñen o trimestre.

Para calificar cada Unidade Didáctica, utilizaranse diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos e proxectos, exposición de traballos e investigacións...

Ademais destes instrumentos de avaliación, os contidos traballados en cada unidade didáctica serán avaliados a través dunha sinxela proba escrita. Así, para a materia de Lingua Castelá, farán tres probas escritas por trimestre. 3º de EP será o primeiro curso onde levaremos a cabo este tipo de probas, polo que terán un carácter sinxelo.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

### Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Tendo en conta isto, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para o alumno ou alumna en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Aínda tendo en conta as características evolutivas propias dos alumnos e alumnas do 3º curso da Educación Primaria, a atención á diversidade é un aspecto que afecta a todo o alumnado do grupo clase xa que cada estudante presenta diferentes características e necesidades, estilos e ritmos de aprendizaxe, así como motivación e intereses, situacións sociais e culturais.

Polo tanto, na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na detección precoz das necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Por todo isto, o traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora              | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital              | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Creatividade                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Emprendemento                    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |



|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.8 - Educación para a paz, resolución pacífica de conflitos e rexeitamento da violencia | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Educación para o consumo responsable   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.10 - Desenvolvemento sustentable   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual                                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Educación emocional e en valores  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito                                     | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.15 - Sentido crítico e autonomía   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Comprensión lectora  | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita   | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual   | X    |
| ET.4 - Competencia dixital  | X    |
| ET.5 - Creatividade   | X    |
| ET.6 - Emprendemento  | X    |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres   | X    |
| ET.8 - Educación para a paz, resolución pacífica de conflitos e rexeitamento da violencia | X    |
| ET.9 - Educación para o consumo responsable   | X    |
| ET.10 - Desenvolvemento sustentable   | X    |
| ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual                                | X    |
| ET.12 - Educación emocional e en valores  | X    |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito | X    |
| ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual     | X    |
| ET.15 - Sentido crítico e autonomía                   | X    |

#### Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que serán abordados ao longo de todas elas. A área de Lingua Castelá será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos xunto cos propios da área.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade        | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-------------------|--|----------|----------|----------|
| Saídas á contorna | Saídas nas que coñeceremos o a nosa realidade máis próxima   |          |          |          |
| Saídas culturais  | Visita a un museo, exposicións...  |          |          |          |
| Charlas           | Impartidas por profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións                    |          |          |          |
| Obradoiros        | De diferentes temáticas, dependendo das necesidades e actividades que se plantexen ao longo do curso |          |          |          |
| Conmemoracións    | Recollidas no calendario escolar   |          |          |          |

#### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

Isto débese a que as actividades complementarias se realizan en horario lectivo e teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo e recursos que se utilizan, polo que buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan? |
| Consegiuse motivar ao alumnado?                                   |

|   |
|---|
| Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?   |
| Préstase atención aos elementos transversais plantexados?   |
| Adáptanse as probas aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe?   |
| Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?   |
| Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?                                    |
| Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?  |
| Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?   |
| Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso? Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro? |

### Descrición:

Tal e como se recolle no Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, non só se deben avaliar as aprendizaxes logradas polo alumnado, senón que tamén se deben avaliar os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, polo que é necesario establecer indicadores de logro nas programacións didácticas para avaliar os mencionados procesos de ensino e a práctica docente.

A avaliación da intervención educativa debe ser continua, polo tanto, convén tomar datos ao longo do proceso para facer os cambios adecuados no momento oportuno. É por iso, que a temporalidade desta avaliación debe ser continua.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Ademais, ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, coa finalidade de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

## 9. Outros apartados